

52

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

8 ou máis participantes  
15 minutos

Ollos pechos

Coordinación. Distensión

## CALZAR A CADEIRA

### MATERIAIS

Material para tapar os ollos. Cadeiras (unha por cada dúas persoas).

### ESPAZO

Espazo para pór as cadeiras en roda e poder moverse entre elas.

### DESCRICIÓN

Roda de cadeiras mirando cara a fóra.

Unha parella do par estará sentada na cadeira cos ollos tapados, a outra estará en pé detrás do respaldo.

Zapatillas estiradas polo chan.

A persoa que está en pé iralle dando indicacións á persoa que está cos ollos tapados.

Esta deberá erguerse da cadeira e, seguindo as indicacións,

ir apañando unha a unha zapatillas coas que calzar as patas da súa cadeira.

Gaña o par que consegue calzar as catro patas e sentar o cego na cadeira en menos tempo.

Non vale coller as zapatillas que xa están calzando as cadeiras dos outros pares.

Se nos confundimos de cadeira e calzamos a doutro par...

que xenerosidade pola nosa parte!

